




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Co obxecto de dar cumprimento ó convenio asignado polas Universidades de Santiago de Compostela, A coruña e Vigo para facilitar que os alumnos que tiñan esgotada-las convocatorias poidan remata-los seus estudos, compre dicta-la seguinte

## INSTRUCCIÓN

### PRIMEIRO.- OBXECTO

Soamente estarán amparados polo convenio os alumnos que teñan esgotadas sete convocatorias en calquera materia.

### SEGUNDO.- MATRÍCULA

Os alumnos que, ó abeiro do convenio, desexen render exame en calquera Universidade do Sistema Universitario Galego distinta a aquela en que estean realizando os seus estudos, deberán formalizar matrícula na universidade de orixe.

### TERCEIRO.- SOLICITUDE DE EXAME NOUTRA UNIVERSIDADE

Ben simultaneamente ó acto de matrícula no período ordinario da mesma ou ben tralas convocatorias ordinarias ou extraordinarias que cada universidade realice ó longo do curso, e nos prazos que estableza cada Rectorado, os alumnos deberán solicitar na universidade de orixe render exame noutra universidade.

As universidades comunicarán nos 15 días seguintes ó remate do prazo ás outras universidades afectadas unha relación certificada de alumnos que reúnan os requisitos para concorrer á convocatoria obxecto do convenio, con especificación de materias e centro no que desexen render exame.

Esta comunicación non terá efectos de traslado nin implicara prezo público ningún.

### CUARTO.- CONCORRENCIA A EXAMES

Recibidas nas universidades as relacións de alumnos, e sen necesidade de que se formalice matrícula na universidade receptora, darase traslado ós decanos e directores de centros relación de alumnos que solicitan render exame para os efectos de que sexan admitidos a exame e cualificados.

Os secretarios dos centros expedirán certificación na que se faga consta-la identidade do alumno, materia na que concorreu a exame e cualificación.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## QUINTO.- COMUNICACIÓN DE CUALIFICACIONES

Unha vez que o alumno concorrera ós exames, cada universidade remitirá ás outras afectadas a certificación a que se refire o apartado cuarto, para os efectos de que as autoridades académicas da universidade de orixe procedan ó recoñecemento de materias e cualificación nos planos de estudos que estea a cursa-lo alumno.

Esta posta en comunicación carecerá así mesmo dos efectos de traslado e non implicará prezo público ningún.

## SEXTO.- EFECTOS DAS MATRÍCULAS REALIZADAS

As matrículas realizadas nas universidades de orixe producirán plenos efectos e a concorrencia e validaz das notas que obteñan na universidade de orixe soamente se verán afectadas polas regras de prelación ou prerequisites que teñan os planos de estudos.

Santiago, 24 de outubro de 1996

O SECRETARIO XERAL



  
Gumersindo Guinarte Cabada

VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIONES - VICERRECTOR DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE LUGO - DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS - XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - DIRECTOR DO C.O.I.E. - XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - XEFES/A. U.X.A.